



Só é progreso se
progresamos todos

120 anos de *compromiso social*

A Caixa de Pensións para a Vellez e de Aforros de Cataluña e Baleares, "la Caixa", foi fundada en 1904 polo avogado catalán Francesc Moragas Barret, co apoio de diversas entidades da sociedade civil catalá.

Desde as súas orixes, a Fundación "la Caixa" caracterizouse por un **forte compromiso social e unha vocación de traballo a prol do interese xeral**, tanto a través da súa actividade financeira como da súa acción

social, que financia e mantén actividades de índole social, educativa, cultural e científica.

A Fundación "la Caixa" é unha das máis importantes do mundo por volume de investimento social.

Na súa estrutura, a Fundación "la Caixa" é propietaria dun *holding* financeiro, **CriteriaCaixa**, que xestiona o seu patrimonio empresarial.



Fundación "la Caixa"



Programas e convocatorias sociais

Transformación social mediante programas que contribúen a mellorar a calidade de vida dos máis vulnerables e que fomentan a convivencia cidadá.

Cultura e ciencia

Mellora da sociedade a través da cultura e a ciencia como ferramentas de crecemento persoal e cohesión social.

Educación e bolsas

Impulso da educación e a formación de excelencia como motor de progreso e benestar social.

Investigación e saúde

Promoción da investigación e fomento da innovación co obxectivo de lograr avances en medicina e outras ciencias da vida.

↑ 100 %



CriteriaCaixa

CARTEIRA BANCARIA



CARTEIRA INDUSTRIAL E DE SERVICIOS



Outras participacións

NEGOCIO INMOBILIARIO E OUTROS ACTIVOS FINANCIEROS



A esencia da Fundación "la Caixa"

A **misión** da Fundación "la Caixa" é construír unha sociedade mellor e máis xusta, dando oportunidades ás persoas que máis o necesitan, cos valores de **confianza, compromiso social e responsabilidade** que a acompañaron sempre desde os seus comezos. Todo iso, coa **visión** de ser unha entidade de referencia para a sociedade no desenvolvemento de solucións duradeiras que cubran as necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables; que favorezan o progreso social dando resposta aos novos retos na investigación, a formación de excelencia e a educación, e que acheguen a ciencia e mais a cultura a todos os segmentos da sociedade.

Comprometidos co presente e co futuro das persoas

A Fundación "la Caixa" pon o foco especialmente naqueles programas con maior impacto transformador, como son os que combaten a pobreza infantil e a exclusión social, os que fomentan o emprego e os que axudan a mellorar as condicións de vida das persoas máis vulnerables.

A actividade da Fundación "la Caixa" concéntrase, ademais, noutros ámbitos: a investigación médica, a formación de excelencia, a cultura e a educación, fundamentais para promover o progreso e a igualdade de oportunidades. O compromiso social da Fundación "la Caixa" para a construción dunha sociedade mellor ten en España e Portugal os seus territorios principais de actuación.

Programas e convocatorias sociais

Impulsamos a transformación social



Pobreza infantil

A través do programa CaixaProinfancia promovemos o desenvolvemento social e educativo de nenos e adolescentes de 0 a 18 anos de familias en risco de exclusión social.

Máis de 420 entidades colaboradoras

Menores atendidos:

Total do programa no 2023: **65.719**

En Galicia no 2023: **676**

Atención integral a persoas con enfermidades avanzadas

Proporcionamos apoio psicosocial e espiritual a persoas que están en situación de final de vida e aos seus familiares.

En Galicia:

4 equipos en 7 hospitais

Enfermos atendidos:

Total do programa no 2023: **40.222**

En Galicia no 2023: **1469**

Familiares atendidos:

Total do programa no 2023: **45.916**

En Galicia no 2023: **1333**

Convocatorias de Proxectos Sociais

Colaboramos con entidades sen ánimo de lucro para impulsar iniciativas dirixidas a persoas en situación de vulnerabilidade social.

Proxectos financiados:

Total do programa no 2023: **1559**

En Galicia no 2023: **63**

Inserción laboral

Favorecemos que persoas vulnerables ante o emprego teñan acceso a un traballo, en colaboración con 532 entidades sociais.

Contratos laborais:

Total do programa no 2023: **46.603**

En Galicia no 2023: **1653**

Empresas colaboradoras:

Total do programa no 2023: **16.692**

En Galicia no 2023: **545**

Persoas maiores

Traballamos para acompañar as persoas maiores maximizando as súas posibilidades de crecemento persoal e facilitando a construción de relacións de apoio para ter unha vida plena, comprometida coa súa comunidade, e para previr o illamento e a soidade.

Participantes:

Total do programa no 2023: **477.591**

En Galicia no 2023: **8583**

Actividades:

Total do programa no 2023: **17.496**

En Galicia no 2023: **547**

O Observatorio Social

Un espazo de análise e reflexión que impulsa a investigación social e divulga coñecemento de base científica en España e Portugal.

Desde o inicio do programa no 2016:

206 proxectos apoiados

242 publicacións (recensións, artigos e informes)

Cooperación internacional

Contribuímos a xerar oportunidades e loitar contra as desigualdades dos colectivos máis vulnerables en países de África, Asia e América Latina, mediante programas de:

- Fomento do emprego
- Mellora da saúde global e a investigación
- Asistencia en acción humanitaria e de emerxencia
- Formación de profesionais
- Axudas a proxectos de cooperación internacional a través dunha convocatoria anual

No 2023:

**41 proxectos en 25 países
Preto de 700.000 beneficiarios**

Mellorando a sociedade a través da cultura e a ciencia

CaixaForum +

Plataforma de *streaming* gratuíta especializada en contidos culturais e científicos (dispoñible para web, *Smart TV*, dispositivos móbiles e tabletas).

158.277 subscritores

175.903 horas de consumo acumulado

1439 contidos

Colección de arte contemporánea

Unha das coleccións privadas máis importantes de Europa, con obras de artistas nacionais e internacionais.

Desde 1985:

195 exposicións

1069 obras

446 artistas

Exposicións no territorio

As exposicións no territorio via-xan a cidades e municipios da península (incluído Portugal), as illas Baleares e as Canarias. A cultura é unha poderosa ferramenta de crecemento persoal para todas as persoas.

Exposicións:

Total do programa no 2023: **10**
(73 exhibicións en 68 cidades)

En Galicia no 2023: **5** exhibicións

Visitantes:

Total do programa no 2023:

Máis de 3,8 millóns de visitantes

En Galicia no 2023: **237.623**

Música

Concertos, actividades musicais, proxeccións, experiencias de realidade virtual e outras propostas, co fin de achegar a música a todo tipo de público, de calquera idade ou perfil social, e permitir gozala grazas aos mellores recursos e novidades tecnolóxicas, que nos axudan a descubrir o mundo da música para comprendela mellor.

Concertos:

Total do programa no 2023: **620**

Asistentes:

Total do programa no 2023:
115.916



Oportunidades para un mundo mellor



EduCaixa

Ofrecemos programas, actividades e recursos para mellorar as oportunidades de aprendizaxe de nenos e mozos en etapa escolar. Fomentamos a educación de calidade acompañando e apoderando os docentes como axentes de cambio e protagonistas da transformación social.

Obxectivos clave:

- Promover o desenvolvemento competencial do alumnado.

Alumnos beneficiarios/usuarios:

Total do programa no 2023: **1.328.474**

En Galicia no 2023: **29.994**

- Favorecer o desenvolvemento profesional dos docentes.

Docentes beneficiarios/usuarios:

Total do programa no 2023: **253.021**

En Galicia no 2023: **2884**

- Xerar e transferir evidencias a partir da avaliación e a difusión de prácticas educativas, a través de alianzas con institucións internacionais.

Escolas participantes:

Total do programa no 2023: **6570**

En Galicia no 2023: **200**

Bolsas

Desde 1982, fomentamos a formación de excelencia e o talento investigador nas mellores universidades e centros de investigación do mundo.

As nosas bolsas cobren todas as etapas da educación superior: grao, posgraduado, doutoramento e posdoutoramento, e os novos bolseiros incorpóranse a unha comunidade de talento formada por máis de 6000 persoas, que contan con numerosas oportunidades para o enriquecemento mutuo a través de encontros presenciais e en liña.

Bolsas concedidas:

Total do programa no 2023: **255**

- **Bolsas de grao: 50**
- **Bolsas de posgraduado no estranxeiro: 100**
- **Bolsas de doutoramento en España e Portugal: 65**
- **Bolsas de posdoutoramento en España e Portugal: 40**

En Galicia no 2023: **9**

- **Bolsas de grao: 1**
- **Bolsas de posgraduado no estranxeiro: 6**
- **Bolsas de doutoramento en España e Portugal: 1**
- **Bolsas de posdoutoramento en España e Portugal: 1**

Fundación ProFuturo

Xunto coa Fundación Telefónica, impulsamos a educación de nenos en ambientes vulnerables de América Latina, o Caribe, África e Asia.

Ofrecemos formación e acompañamento aos docentes e acceso a recursos dixitais, reducindo así a brecha educativa.

Desde o inicio do programa, no 2016, ProFuturo axudou a máis de 4,2 millóns de nenos como beneficiarios directos.

No 2023:

Máis de 30 países

Máis de 1,2 millóns de nenos beneficiarios

5473 escolas

A investigación de hoxe, *a saúde de mañá*



Apoiamos a investigación e innovación en biomedicina e saúde para construír un mundo mellor e máis saudable baseado no coñecemento.

No 2023:

773 investigadores

1245 artigos científicos

Apoio a institucións de investigación e saúde

Colaboramos con centros de investigación e hospitais para xerar novo coñecemento biomédico e trasladalo á sociedade.

Centros de investigación con colaboración estratéxica:

- IrsiCaixa, Instituto de Investigación da Sida
- ISGlobal, Instituto de Saúde Global de Barcelona
- VHIO, Vall d'Hebron Instituto de Oncoloxía
- Barcelona Beta Brain Research Center - Fundación Pasqual Maragall
- Institut de Recerca Sant Joan de Déu

CaixaResearch Investigación en Saúde

A través da nosa Convocatoria CaixaResearch de Investigación en Saúde, a máis importante de carácter filantrópico de España e Portugal, apoiamos a investigación científica de excelencia e con impacto social para impulsar proxectos transformadores en biomedicina e saúde.

Proxectos apoiados:

Total do programa no 2023: **28**

En Galicia no 2023: **1**

Desde o inicio do programa no 2018:

170 proxectos apoiados

825 artigos científicos

CaixaImpulse Innovación en Saúde

Mediante o noso programa CaixaImpulse de Innovación en Saúde, fomentamos a translación de investigacións destacadas do laboratorio aos pacientes mediante a creación de novos produtos, servizos e empresas de ciencias da vida e da saúde.

Proxectos apoiados:

Total do programa no 2023: **27**

Desde o inicio do programa no 2015:

200 proxectos apoiados

99 patentes xeradas

42 empresas creadas

CaixaResearch Institute

A Fundación "la Caixa" impulsa o CaixaResearch Institute, o primeiro gran centro de investigación transversal e interdisciplinario especializado en inmunoloxía das enfermidades en España.

Desde a súa constitución no 2023:

- Seleccionáronse **6 proxectos de innovación** dos centros vinculados ao Innovation Hub
- Puxéronse en marcha os primeiros **2 grupos de investigación**

Modelo de *xestión* do patrimonio empresarial

A Fundación "la Caixa" xestiona o seu patrimonio empresarial a través da súa filial **CriteriaCaixa**, que se encarga de preservalo e facelo medrar co fin de financiar a súa acción social e asegurar a perdurabilidade das iniciativas sociais, asistenciais, culturais, de investigación e educativas propias.

A prioridade de CriteriaCaixa é achegar os recursos económicos que permitan que a acción social da Fundación "la Caixa" siga contribuindo ano tras ano ao desenvolvemento **dunha sociedade que dea máis oportunidades aos que máis o precisan.**

O modelo de xestión aséntase nos principios de transparencia e ética que rexen en todo momento os procedementos sustentados nos valores de **confianza, compromiso social e responsabilidade**, así como o respecto ao contorno natural.



A Fundación "la Caixa", *unha de das maiores fundacións do mundo*

Orzamento para o 2024:

600 M€

Distribución do investimento para o 2024:

Programas e convocatorias sociais

352 M€

Cultura e ciencia

120 M€

Educación e bolsas

48 M€

Investigación e saúde

80 M€

